

PARTICIPAR PARA COIDAR

FASE 4: Mudando peles



FASE 4

MUDANDO PELES

Guía Docente

Idea e contidos:

Marta Casal Cacharrón, técnica de Arquitectura sen Fronteiras

Coordinación e revisión:

Grupo de Educación de Arquitectura sen Fronteiras Galicia

Ilustracións e maquetación:

Lucía Escrigas

Licenza creative commons:

Recoñecemento – Non comercial – Compartir Igual (BY-NC-SA). Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Data e lugar da publicación:

A Coruña, decembro 2023

1. Índice

1. Obxectivos	6
2. Estrutura	7
3. Marco de contidos	8
3.1. Querer	9
3.3. Poder	18
3.4. Saber	25
4. Desenvolvemento das actividades	33
4.1. Sesión 1. Querer: Das emocións ás accións	33
4.2. Sesión 2. Poder: Indagando en claves para unha boa participación	37
4.3. Sesión 3. Mapa de experiencias	40
5. Listaxe de ilustracións	41
6. Referencias bibliográficas e recursos	

1. Obxectivos

Nesta fase 4 os obxectivos pasan porque o alumnado coñeza e reflexione sobre claves e cuestións que inflúen e condicionan a capacidade que temos de tomar parte nos asuntos colectivos que nos afectan.

- A participación como dereito e como exercicio de corresponsabilidade.
- A participación como proceso de desenvolvemento persoal e colectivo
- Conexión entre a nosa acción e as nosas emocións
- Coñecer experiencias próximas de participación cidadá, e analízalas desde as dimensións e contidos que nos aportan as esferas do Querer, Poder, Saber
- Reflctir sobre a propia experiencia e vivencia de participación cara o presente e futuro

2. Estrutura

A proposta é unha suxestión en canto aos tempos e organización das sesións. Trátase dun traballo que pode extenderse no tempo, a modo de proxecto de investigación do contexto próximo. Suxerimos estes mínimos.

Sesións	Contidos	Tempo
1. Querer Traballo en aula	Que emocións para que accións? Barreiras e facilitadores ante a participación	50' +
2. Poder Traballo en aula	Indagando en claves para unha boa participación Organización de grupos para mapear experiencias	50' +
2. Poder Traballo grupal autónomo	Traballo de campo para coñecer experiencias	Establecer por docente
3. Saber Posta en común na aula	Aprender facendo e aprender de quen fai	50' +

3. Marco de contidos

Entendemos a participación para a transformación social, non só como ferramenta para facer máis democráticos os procesos de toma de decisión, senón como un dereito que, ao longo da acción, serve para chegar á resolución de problemas complexos e é capaz de transformar a realidade.

A participación enténdese como proceso e ferramenta que informa, escoita, analiza, reflexiona e, sobre todo incorpora á cidadanía do lugar, coas súas virtudes, intereses, argumentos, necesidades e puntos de vista, para mellorar a calidade da vida colectiva (Hiria Kolektiboa, 2010).

Un dos eixos transversais de traballo e das características máis fortes de ASF como organización, é a participación que impregna o funcionamento interno e externo da asociación. Na mesma están implicadas a base voluntaria, as persoas asalariadas e todas as persoas, colectivos e organizacións coas que traballamos, tanto en cooperación local, como internacional e educación. A participación como eixo que atravesamos toda a nosa acción interna e externa. Un proceso non exento de complexidade, pero tamén de grandes e constantes aprendizaxes. Se de algo temos certeza é que a participar aprendemos tomando parte dos procesos e asuntos que nos moven e afectan.

Nun proceso de reflexión e sistematización interna da nosa labor, chegamos á conclusión de que a promoción e a educación para a participación é un nexos e un aspecto transversal de todos os proxectos e actividades que facemos. A participación como dereito, proceso e metodoloxía. Traballar o Dereito ao Hábitat non o concebimos sen a súa dimensión política, a que ten que ver co dereito a “ser”, facendo, opinando, tomando parte na satisfacción das nosas necesidades persoais e colectivas, do coidado da nosa contorna e dos asuntos que nos afectan.

A participación ten que ver con tres dimensións ou esferas que imos sinalar e abordar sintéticamente por separado, aínda que é na intersección das tres onde prende a enerxía de transformación colectiva e a posibilidade de que sexa sostible no tempo.

A participación ten que ver co PODER. Coa capacidade para “facer con”, de “facer para”. Ten que ver coa posibilidade que nos ofrece a democracia, e polo tanto cun dereito humano e político esencial no plano individual e colectivo. Cando falamos de democracia, non falamos solo dun sistema político que levamos ao plano macro, senón dun principio que debe de impregnar as culturas e as prácticas dos contextos que habitamos no ámbito educativo, social, cultural, etc.

Canto desta cultura e destas prácticas desenvolvemos no cotiá?

Ten que ver tamén con SABER. Para participar precisamos adquirir coñecementos e desenvolver actitudes e aptitudes na dimensión persoal e grupal. Se aprende participando, e máis, canto máis inmersas estemos nesas culturas democráticas e participativas. As veces, a falta desa experiencia, e mesmo para fortalecela, precisamos dunha formación específica que nos axude a facer procesos colectivos máis satisfactorios e coidados para as persoas, con máis posibilidade de ser sostibles no tempo, e que den como resultado comunidades abertas a repetir e profundizar na cultura da democracia e da participación social.

Que sabemos sobre participar? Sabemos o que “non sabemos”?

Ten que ver tamén con QUERER. Con ter vontade, con ter desexo de tomar parte no que nos afecta. Ten que ver coa posibilidade de que o que acontece nos “afecte”; coa conexión coas nosas emocións e coa conducta que éstas poden desatar.

Canto nos “afecta” o que pasa e como? Desexamos tomar parte do que sucede e transformalo?

3.1. Querer

RAG:

1. Ter gana, vontade ou intención de [facer ou obter unha cousa].
4. tr. Ter cariño, amor.

Iniciamos coa esfera do QUERER , porque únicamente desde aquí emerxe a posibilidade dos procesos de participación social ou política. Ter gana, vontade de implicarse desde o persoal en procesos colectivos para transformar a realidade presente, en calquera escala, e sobre calquer aspecto. Contribuir a facer efectivo este dereito, e mesmo loitar por él cando a democracia está cercenada, pasa, en primeiro termo, por QUERER.

Nos últimos anos, no noso contacto coa mocidade nas aulas de secundaria a través de actividades educativas e procesos participativos, observamos un desapego cara a posibilidade de implicarse activamente en asuntos que lles afectan.



Figura 1

Vimos facendo pequenas diagnoses e liñas de base entre alumnado e as súas familias desde o ano 2016. Os resultados revelan a concepción da participación como un aspecto limitado a delegación do poder propio en outras “representantes políticas, sociais, etc”. A participación directa en asuntos que nos afectan no próximo, sexa na escola, no barrio, en colectivos que poden traballar temas de interés, é considerado por poucas persoas. Son diversos os argumentos para explicar esta baixa participación e pasan fundamentalmente por:

- A priorización doutras actividades e a falta de tempo
- A percepción da nosa participación moi limitada, no rol de “consumidores de bens ou servizos” mesmo en asociacións, mais que como actores con capacidade de aportar e transformar
- A percepción dos procesos colectivos como “conflictivos e desgastantes”, ante o que “é mellor delegar”
- A indefensión, quizá aprendida? A idea de que participar non serve de nada e que nada vai mudar
- A frustración tras experiencias previas pouco satisfactorias

Por unha banda se recolle unha mirada crítica e de insatisfacción da cobertura de necesidades respecto de diversas cuestións que teñen que ver co contexto que vivimos. Cuestións relacionadas co dereito a un hábitat digno: vivenda, mobilidade, aspectos do urbanismo das nosas cidades, aspectos medioambientales, culturais, de igualdade de xénero, do respecto a diversidade, etc. Detectamos insatisfacción, mesmo co contexto mais próximo no que habitan, os seus centros educativos e barrios.

Pero ao mesmo tempo, son poucas as experiencias que se promoven para implicarse realmente en procesos de transformación colectiva que tenten mellorar estes niveis de insatisfacción. Cando se da esta participación, o seu alcance é moi limitado. A mesma concepción do que é a participación social colectiva é moi limitada, e identificada moitas veces co sistema político partidista.

Os datos das nosas pequenas investigacións están en sintonía cos datos recollidos no último informe sobre [“Jóvenes, participación y cultura política” a nivel estatal \(2017\)](#) sobre un total de 1.100 enquisas:

Un 70% considera que a sociedade precisa de cambios profundos ou radicais.

62% lle interesa pouco o nada a política, aínda que a porcentaxe de persoas interesadas subiu levemente cun 37% respecto aos datos previos.

85% a política lle xenera emocións negativas, destacando a desconfianza (47%) seguida de irritación ou aburrimiento.

Ata o 50% participou algunha vez de accións políticas e sociais, destacando, firmar unha petición (50%); asistir a unha manifestación (46%); comprar produtos por razóns políticas, éticas ou medioambientais (46%).

Éstas últimas, accións significativas, sen dúbida, pero moi limitadas en canto a todas as capacidades e potencialidades que a participación social pode aportar na construción dunha cidadanía crítica e comprometida.

Estamos convencidas de que as pequenas prácticas participativas cotiás son a mellor escola para desfacer certas inercias incapacitantes e sensacións de indefensión aprendida, que a mocidade pode estar manifestando nas aulas. Éstas son reflexo da sociedade que as envolve e sustenta, pero tamén deben e poden ser xerme do novo. Laboratorio de outras formas de facer, outros tempos e ritmos. Un laboratorio idóneo desde o que explorar e aprender das experiencias e prácticas participativas da nosa contorna.

Os centros educativos teñen tamén que **QUERER**. Estar abertos a procesos nos que a comunidade educativa tome parte, na medida que as estruturas o permiten, e mesmo levándoas a certa tensión. Non ter medo as tensións e a certo grado de conflito, xa que solo desde ahí é posible a transformación. Desde espazos educativos e “controlados” podemos aprender a non terlle medo ao conflito, desenvolvernos nel e acollelo como algo presente en todo proceso colectivo realmente san e democrático.

Hai moitas cuestións que teñen que ver coa xestión e organización dos centros, coa mellora dos espazos físicos, coa mellora das relacións grupais e de convivencia, coa xestión de actividades de interese para o alumnado ou coa mellora da contorna próxima, que poden ser abertas a procesos de participación. Estes procesos non teñen que ser moi ambiciosos. As veces, transformacións simbólicas ou efímeras son suficientes para aprender facendo, e desatar así o desexo e a necesidade desde esas pequenas prácticas.

O [VII Seminario Hábitat a Escala Humana](#) (2021) o titulamos “Transformar a necesidade en desexo: mobilizar para a transición ecosocial na educación”. Partiamos da inquietudanza sobre o atopado nas aulas. Tras a pandemia,

NON ESTOU NO
MUNDO SIMPLEMENTE
PARA ADAPTARME A
EL, SENÓN PARA
TRANSFORMALO.

Figura 2

posteriormente co xurdimento do conflito en Ucraia, e as noticias continuas sobre a emerxencia climática, o alumnado manifesta unha percepción sobre o futuro moi incerta e negativa. O pesimismo e a idea de “no future” afonda en emocións relacionadas coa tristeza, o medo, a rabia, o resentimento.

Temos que ter presente que para activar procesos de transformación social, precisamos do impulso e respaldo de emocións que a mobilicen e sustenten no tempo. As emocións están na base das condutas que activamos e coas que respondemos. Tamén na base dos procesos do QUERER, desa motivación para tomar parte activamente no que nos afecta, para mudar o que non nos coida e satisface, para querer crear unha outra alternativa.

Pero non solo as emocións de xeito illado. Estas interaccionan co que conteñen as esferas do PODER e do SABER, pero están no xerme de posibilidade de actualas.

Ante o contexto actual as emocións poden estar dominadas polo pesimismo, a desconfianza ou a desesperanza. Por outra banda, ante a mesma realidade e desde unha perspectiva crítica da mesma, poden desatarse emocións que teñen que ver coa conexión, coa supervivencia, co amor e coa comunidade. A educación crítica e para a transformación social ten un gran papel facilitador destas emocións.

A rabia é unha emoción moi presente na etapa adolescente, unha emoción que adoitan a percibir como negativa, a reprimir, e que identifican coa destrución. Pero a rabia solo é un indicador de necesidades non cubertas, de inxustiza percibida, de frustración. A rabia nos fala de que algo non está ben. Un obxectivo da educación para a participación é identificar a causa desta rabia e canalizada de forma creativa, colectiva e amorosa para revertir esas inxustizas ou para buscar xeitos de cubrir esas necesidades e mellorar a nosa realidade. A rabia ao servizo de activar a enerxía transformadora.

A Figura 3 exemplifica de xeito moi sinxelo a interacción das dúas emocións precisas para activar a acción. Facilitar que a emoción do amor emerxa, precisa xenerar un clima de pertenza e non exclusión dentro dos membros do colectivo que van participar. É preciso que as persoas se sintan “afectadas”, se sintan parte, implicadas no que sucede e no que hai que transformar. Para iso é vital o sentimento de pertenza ao grupo, colectivo, comunidade. Falabamos no material da Fase 1 “Habitar a propia pel”, da pertenza como unha das necesidades básicas universais definidas por Maslow. Referimos aquí a Simón Weil que falaba da importancia do arraigo, de botar raíces. Para satisfacer esta necesidade pon en valor o local, as experiencias cotiás. A importancia de sentirnos arraigadas para poder proxectar ao futuro.



Figura 3

REACCIONES



Figura 4

“El arraigo es quizá la necesidad más importante y la más desconocida del alma humana. Es una de las más difíciles de definir” “El futuro no nos aporta nada, no nos da nada; somos nosotros quienes, para construirlo, hemos de dárselo todo, darle nuestra propia vida. Ahora bien: para dar es necesario poseer, y nosotros no tenemos otra vida, otra savia, que los tesoros heredados del pasado y digeridos, asimilados, recreador por nosotros mismos. De todas las necesidades del alma humana, ninguna más vital que el pasado” (Simone Weil, 2014).

Falamos de emocións sentidas que ao tempo modelan un determinado clima grupal, social e cultural en cada contexto concreto. Adquieren un significado e valor político. Ante as emocións sentidas, as actitudes que predominan cara a acción, poden ser as seguintes.

- **Evasivas:** é unha reacción que parte da negación das emocións de malestar. Negar a insatisfacción, ben por incapacidad ou impotencia para mudar o que hai. Son actitudes e conductas de fuxida, de non afrontar.
- **Reactivas ou destructivas:** son conductas que implican reaccións negativas e destrutivas do que hai, pero que non transforman ou crean alternativas. Son conductas froito da rabia, resentimiento, pero que carecen do impacto de emocións vencelladas ao amor, a confianza ou a esperanza. Poden ser conductas de destrucción ou agresión cara un/unha mesma, outras persoas ou colectivos, ou contra o entorno.
- **Pasivas:** a impotencia, a indefensión o medo paralizante poden ser emocións e sentimentos que están baixo esta conducta. de inactividade, de falta de reacción.
- **Creativas ou transformadoras:** son as conductas que promoven a participación para crear alternativas, xenerar propostas para cubrir necesidades ou mudar o que non satisface.

Apelar á rabia e a rebeldía adolescente, xenerar un contexto inclusivo de pertenza que favoreza QUERER, ao tempo que se favorece o contexto de PODER e de SABER, ha de ser parte da educación para Mudar a Pel do noso mundo.

3.2. Poder

RAG:

1. Facultade ou capacidade de facer algo por contar cos medios necesarios.
2. Aptitude para facer algo en virtude dunha lei ou contrato.

Cando se fala de poder podemos falar de posibilidade por unha banda, de potencia, de facultades e por outra de aptitudes. Pero ao referirnos á participación falamos dun dereito. Un dereito recoñecido en instrumentos normativos de dereitos humanos, de dereitos políticos e que recoñecen tamén o dereito á participación da infancia e adolescencia.

Marco de dereitos

[Internacional] Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) Artigo 21.1. “toda persona tiene derecho a participar en el gobierno de su país, directamente o por medio de representantes libremente escogidos”.

[Internacional] Ademais a participación dos nenos e nenas vén recoñecida na Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada polas Cortes Xerais do Estado. **Esta participación implica o recoñecemento do protagonismo social dos nenos, nenas e adolescentes e do seu dereito para “ser escoitados/as” nos asuntos que lles afecten.**

[Estatal] Constitución Española (1978). Enmárcase dentro do marco da democracia representativa cos seus mecanismos de participación concretos. Asemade existe lexislación específica como a Iniciativa Lexislativa Popular, o Referéndum ou o Consello Aberto.

O principio de participación no ámbito da educación, tal e como o coñecemos, foi consagrado no artigo 27 da Constitución española de 1978

[Estatal] LOMLOE aprobada en decembro de 2020 e en proceso de implementación. Supera os retrocesos que implicou a LOMCE e reforzando o título V de LOE dedicado á participación, autonomía e goberno dos centros. Plantexa un modelo de participación que responde ás demandas expostas polos distintos sectores da comunidade educativa: docentes, pais e nais ealumando. Aínda que estes artigos entraron en vigor inmediatamente tras a aprobación da lei, o percorrido aínda é curto para analizar o seu impacto real.

[Estatal] Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. Esta lei inclúe a creación do Consello Estatal de participación da infancia e adolescencia. Órgano que se viña demandando como parte da materialización da Convención dos dereitos do neno. Este mandato materializouse mediante a Orde DSA/1009/2021, do 22 de setembro de 2021 de creación do CEPIA. Esta integrado por 34 persoas de entre 10 e 18 anos que se autocandidatan e son elixidas por representantes das administracións públicas.

[Autonómica] No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu artigo 42 recoñece, entre outros, os dereitos dos nenos e nenas a participar plenamente, en función do seu desenvolvemento e capacidade, na vida social, cultural, artística e recreativa da súa contorna, así como á súa incorporación progresiva á cidadanía activa, a expresarse libremente e á promoción da autonomía persoal, potenciando as súas capacidades.

Xurde de aquí a Estratexia Galega da Infancia e a Adolescencia 2018-2020 que incorporou, entre as súas medidas, o impulso e o desenvolvemento efectivo da devandita participación infantil, sendo unha das súas accións máis a creación dun Consello Autonómico de Infancia como órgano de representación infantil. Este Consello se crea no ano 2023 e estará integrado por 30 persoas de entre 8 e 17 anos.

A participación como visión PODEROSA

Temos claro que contamos cun marco normativo, orgánico e institucional amplísimo, do que o recollido constitúe unicamente unha pequena panorámica. Pero o recoñecemento formal dos dereitos é unha cousa, e a súa concreción real na práctica das persoas e colectivos é outra. Neste aspecto, nos toca analizar e traballar para que ese marco, formalmente recoñecido, sexa unha realidade na nosa sociedade e nas súas institucións.

Tamén nos toca trascender estas propostas da participación a través de consellos estatais, autonómicos, mesmo locais, ou consellos escolares nos centros educativos, que quedan no exercicio da democracia representativa.

A experiencia de participar de xeito directo na infancia e adolescencia vai moito máis alá da elección, no mellor dos casos, de representantes. Implica poñer o propio corpo, emocións e ideas para analizar, propoñer e crear con outras e outros.

MOITA XENTE PEQUENA
EN LUGARES PEQUENOS
FACENDO COUSAS
PEQUENAS PODE
CAMBIAR O MUNDO.

Eduardo Galeano

O sistema educativo como institución no marco dunha democracia, e a educación como dereito humano fundamental están chamadas a ser motor protagónico na materialización da participación social da infancia e mocidade; a acoller e potenciar as emocións que moven cara a acción transformadora.

As escolas como lugares e comunidades por onde todas as persoas temos a obriga e dereito a estar son un dos actores clave na formación dunha cidadanía activa, crítica e participativa. As escolas e a educación están definidas pola complexidade, os conflitos, límites e contradicións. Por isto mesmo, as escolas son, de feito e na práctica, espazos de diversidade a partir da que temos o reto de xenerar convivencia. Aprender na diversidade a **ser e facer** xuntas é unha das principais bondades da escola.

Conseguilo non é algo que ocorra de xeito natural. Para iso hai que ter a vontade dunha escola que aposte por avanzar e promover a educación para a participación, e que o integre de xeito consciente e transversal no seu proxecto. É froito dunha visión e aposta da comunidade que a constitúe. As escolas teñen que QUERER, e teñen na súa man o PODER de facelo. Sobre SABER, como veremos, se aprende a participar, participando.

Falamos dunha escola que acolla ese PODER e o poña ao servizo de procesos participativos de CALIDADE:

- Que considere ao alumnado como persoas completas, con plenos dereitos e capacidades para participar.
- Aberta ao cambio, a creatividade, ao pensamento disruptivo de quenes aínda non están deformados polos modelos máis limitados da participación
- Aberta á mirada de roles “allos” ao goberno dos centros: familias, comunidade
- Que aposte pola autonomía do alumnado, as súas capacidades, que acompañe os procesos fronte a dirixilos
- Que deixe fora o medo
- Que acolla o conflito porque é parte do proceso

Falamos de calidade, de non directividade, de participación aberta e todo isto vai contra certos paradigmas, prácticas e culturas que impregnan o sistema educativo. A escola ten que QUERER para que o alumnado faga efectivo o PODER. Se trata de abrir fendas para experimentar, para dar oportunidades á comunidade educativa de empoderarse colectivamente, de experimentar que si PODEN e si SABEN. Identificar, facilitar e estimular as actitudes creativas, fronte as pasivas, evasivas o destructivas.

Falabamos de que o sentimento de pertenza, confianza, esperanza é fundamental para mobilizar cara a acción transformadora e corresponsable co mundo que vivimos. Para que eso xurda na mocidade, temos que poñer as condicións de posibilidade. Ofrecer espazos, tempos e procesos nos que como adultos e institucións educativas lles digamos que “pertencen de pleno dereito”, e por tanto poden decidir sobre o que lles afecta. Se temos confianza, iso se reflectirá na calidade da participación que sexamos capaces de promover. No caso contrario

“La incomprensión, y por qué no decirlo, desautorización de la infancia, tiene implicaciones para el rol y la posición de los adultos, quienes asumen un papel protector conducente a la toma de decisiones unilateral y al paternalismo. Una crítica acertada a este enfoque revela que, a la par que se protege a los niños y jóvenes de una «plena exposición» y participación real en las comunidades, se genera pasividad, dependencia de las figuras de autoridad, pérdida de iniciativa, falta de respuesta ante las dificultades, carencia de autoestima, miedo a decidir, desconocimiento de los valores democráticos, etc., con el consiguiente aumento de la vulnerabilidad y la indefensión de aquellos a quienes supuestamente se pretendía salvaguardar” (Kirby y Brison, 2002; Matinez Muñoz y Matínez Ten, 2000).

Extraído de <https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:d1462b78-5e3f-444f-a223-d6d8796fb20c/pe-n8-participacion-educativa-2018.pdf>

A figura da escaleira da participación pode ser un primer e bo indicador do tipo de participación ao que estamos dispostas a chegar desde as escolas. Tan importante como facer unha participación de calidade, e ser honestas e consecuentes co grado da mesma. Toda institución ten límites á participación e resulta fundamental ter consciencia.

A escaleira da participación orientada a procesos de participación infantil e adolescente foi elaborada por Roger Hart, e inspirada no modelo de participación adulta elaborada por Sherry Arnstein. Da conta dos diferentes graos de participación. Establece os límites entre, o que pode ser considerado como como verdadeiro proceso de participación, e o considerado como participación exclusivamente simbólica, ou manipulación.

A figura nos permite analizar os espazos, accións ou experiencias de participación tanto da nosa contorna como as que temos incorporadas ou desenvolvido nos nosos centros educativos. Pode ser unha ferramenta para empezar a mirarnos e ubicar diversas prácticas neses escalóns. Nos axuda a identificar algún aspecto da cultura democrática dos nosos centros, e a plantexarnos oportunidades de escalar nese camiño .

Na figura 6. mostramos a escaleira simplificada nos principais peldaños.

Peldaño 1-2 Manipulación-decoración:

Refieren a unha falsa participación. As persoas, que aparentemente tomarían parte do proceso, realmente están unicamente como figuras decorativas, Simúlase que forman parte dunha poboación que ten máis implicación ou poder do que realmente ten. Moitas veces esta poboación non está informada, non tomou decisións e o seu papel é unicamente receptivo e pasivo na acción

Neste nivel entraría tamén a participación “simbólica”. Se da, en ocasións, en certos órganos ou procesos de participación infantil nos que os temas, discursos, decisións están definidos de antemán por persoas adultas. Ou experiencias nas que a marxe de elección para a infancia ou adolescencia é moi limitada, restrinxido a cuestións de pouca transcendencia respecto aos asuntos que lles afectan.

Non podemos falar de participación no casos previos.

Peldaño 3. Información: A poboación conta con información sobre o proceso que se vai desenvolver, ou sobre o que lle pide ou espera dela. É un nivel moi incipiente e limitado da participación, pero se da a primeira condición: contar con información sobre o que vai acontecer.

Peldaño 4. Consulta: A poboación é informada e consultada sobre o que vai acontecer. Hai actores externos que “promoven” a acción, pero a poboación conta con posibilidade de coñecer e opinar.

Peldaño 5. Delegación: A poboación delega o seu poder nun representante para que actúa conforme aos seus intereses , criterios, ou mandatos.

Peldaño 8. Autoxestión: A poboación non solo opina, senón que dela parte identificar as súas necesidades, o que precisan e queren facer, como levalo a cabo. Estaríamos no escalón máximo dun proceso participativo que implicaría a autoxestión.

ESCALEIRA DE HART



Figura 6

3.3. Saber

RAG:

1. Tener noticia o conocimiento de algo.
2. tr. Estar instruído en algo.
3. tr. Tener habilidade ou capacidade para facer algo.

A participar apréndese participando. Participar implica unhas competencias e capacidades máis técnicas, pero tamén unha serie de rasgos de conducta, de comportamento que só podemos aprender en relación coas demais, e no marco das diferentes culturas que os grupos e colectivos xeran e reproducen. A educación para a participación parte da acción, de aprender facendo.

A participación ten que ser algo vivido. Atravesa o corpo, pon en xogo as emocións, nos pon en relación e xenera experiencias de aprendizaxe e crecemento persoal e colectivo.

Participar, tomar parte de algo co obxectivo de coidar dunha mesma, das persoas e da contorna lévanos a rescatar os contidos dos materiais elaborados na Fase 1, 2 e 3 de Participar para Coidar.

Lévanos á necesidade de coñecernos ben, de **Habitar a propia pel**. Coñecer as nosas emocións e cómo se relación coas nosas necesidades. Falámbos da importancia das emocións, nos procesos de participación, como facilitadoras ou bloqueadoras da motivación .

Lévanos tamén a poñernos **Pel con pel**. En relación con outros e outras, e todos os procesos de aprendizaxe social que están supón. Tomamos conciencia da diversidade, das diferentes necesidades e formas de poder satisfacelas. Conciencia do que para algunhas persoas poden ser barreiras físicas sociais, culturais. Das dinámicas de rango, igualdade, desigualdade, inclusión e exclusión. Todo isto acontece nos procesos de participación. Nos axudan a desenvolver, de forma vivida, a empatía e habilidades sociais complexas.

Lévanos a mirar a **Pel do mundo**, como marco no que desenvolvemos a nosa vida, no que temos que cubrir as nosas necesidades persoais e colectivas coidando dese contexto natural, construído e social que nos posibilita habitar.

Esta experiencia vivida, poñendo en xogo a interacción ao tempo destas tres peles, danos unha aprendizaxe que “non se pode ensinar”.

“Existen ciertas educaciones que no se enseñan, sino que se viven porque «su objetivo no es tanto, ni principalmente, aumentar los conocimientos sino modificar los comportamientos para construir modos de vida nuevos y mejores»” Tonucci (2009).

A participación non se ensina, pero pódese facilitar.

A función dos centros educativos ha de ser a de facilitar tempos, espazos, procesos nos que o alumnado poda acceder a estas vivencias. Non é únicamente a educación democrática unha tarefa da escola. Compete a todos os axentes de socialización, pero a infancia e adolescencia pasa a gran parte do seu tempo nos centros escolares, e aquí a relevancia dos mesmos. Ter a posibilidade de saír das nosas burbullas familiares, e atoparnos con outros e outras cos que temos que aprender a ser, facer e convivir.

Poden facilitar oportunidades para vivir a participación en actos moi cotiás de funcionamento do centro, do grupo ou aula. Tamén en procesos máis ambiciosos ou específicos como a elección e organización de actividades, xestión de clubs temáticos, a transformación de espazos educativos, a organización de eventos, a construción das normas ou a forma de xestionar os conflitos na convivencia, etc.

Tendo claro que a participación se aprende facendo, podemos tomar conciencia do noso rol como de facilitadores destes procesos para tentar que sexan o máis satisfactorios posible. O rol de facilitadores é clave e tamén se aprende facendo, aínda que podemos neste sentido apuntar algunhas claves.

Roles, poder e liderazgo

O rol do educador ou a educadora é o de liderazgo na aula. Temos que tomar conciencia disto e da nosa influencia en cómo o alumnado pode chegar a relacionarse e tratarse entre sí tamén influído por como esta figura de liderazgo se posiciona e se dirixe ao grupo, ao alumnado concreto, ao máis vulnerable.

É fundamental o proceso de coñecemento permanente e autoconciencia do noso estilo de lideranza e da súa influencia no grupo. Tamén do grado de coherencia que expresamos, en canto as nosas crenzas e conductas, ante a participación do alumnado.

“Ciertamente cuando pensamos en la formación de actitudes sociales que tengan efectos reales en la vida de los alumnos y en la vida de la comunidad, nos tendríamos que preocupar de una forma absolutamente prioritaria de la coherencia de estas propuestas con la organización de la escuela y con los comportamientos de los educadores. En estos casos resulta aún más claro que es mucho más eficaz la educación por “inmersión” que la educación por “transmisión”. La educación será eficaz si el alumno vive la propuesta; estará inmerso dentro, en vez de tener que escucharla, leerla, estudiarla y repetirla. Funcionará si el docente es un testigo coherente, estimulante y con autoridad y no un simple transmisor”(Kirby y Brison, 2002; Matinez Muñoz y Matinez Ten, 2000).

Extraído de <https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:d1462b78-5e3f-444f-a223-d6d8796fb20c/pe-n8-participacion-educativa-2018.pdf>

Creemos nunha lideranza democrática?; temos seguridade e habilidades para unha lideranza democrática?; podemos facer co-liderazgo co alumnado en momentos ou procesos concretos?; temos un estilo quizáis máis autoritario?. En función de qué cualidades ou criterios nos estamos avaliando?

Como docentes temos un poder sobre o alumnado, tamén sobre as súas familias, e temos que ser conscientes diso e asumilo desde ese rol. Temos tamén privilexios respecto do alumnado. Facer tamén unha revisión dos mesmos, ou polo menos unha toma de conciencia individual e en pequenos grupos sería un exercicio interesante para poder ser facilitadores positivos de procesos de participación.

Non se trata de non asumir ese poder ou esos privilexios, senón de identificalos e integralos de forma consciente para usalos de xeito positivo e non facer abuso deles. Normalmente o abuso de poder ou dos privilexios ben dado pola inconsciencia dos mesmos. Os naturalizamos e iso lévanos a actuar, a veces, de xeito inconsciente. Mesmo a normalizar a falta de espazos, ou ignorar os reclamos lexítimos de maior participación e poder por parte do alumnado ou doutros actores da comunidade educativa.

Triangulo dos coidados

A participación implica poñer en xogo tres elementos, tal e como se representan na **figura 7**, que teñen que ser coidados e atendidos de xeito equilibrado para que a participación sexa satisfactoria e sostible. É importante que as persoas que teñen un rol facilitador reflexionen sobre os elementos

que compoñen este triángulo, e que todo o grupo implicado no proceso sexa tamén “formado” ou animado a poñer atención a estos coidados.

Ter este triángulo presente nos axuda a non perder de vista a complexidade da participación, e a importancia de coidar os tres vértices.

O vértice das persoas que toman parte na acción e que constitúen o grupo. Sexan 2 ou 200. é importante que as persoas se sintan coidadas. Isto nos leva a reflexionar, entre outros aspectos, sobre:

- Que personas son, quen integra o grupo e que diversidade interna presenta?
- Quen non está tomando parte e por qué? Quizais hai colectivos o circunstancias que non están representadas?; que barreiras de recursos, tempos, capacidades, de acceso pode haber para certas persoas ou colectivos?
- Pensar como imos a coidar as persoas implicándoas na construción das normas: que precisan para sentirse ben e coidadas no proceso; como poden conseguilo e responsabilizarse?
- Atender a todos os estilos de comunicación e de acción. Ter presente que a participación implica xestionar a diversidade e os conflitos

O vértice do proceso que está formado por todos os elementos que entran en xogono mesmo: os tempos, os espazos, as metodoloxías, a comunicación, as dinámicas de inclusión e exclusión, os recursos, etc.

Coidar o proceso, e mesmo poñelo en valor en sí mesmo é algo vital neste momento cando falamos da educación para a transformación social e a participación. Coidar todos os elementos que o compoñen, para que este sexa satisfactorio, sostejible, para velar pola experiencia e pola aprendizaxe. Poñelo en valor nestes tempos nos que se priorizan os resultados.

Observamos moita indefensión, e mesmo falta de motivación para participar. Se parte da premisa de que non se vai conseguir mudar nada; de que se non conseguimos “o resultado” desexado, non paga a pena nin iniciar o proceso. É importante poñer no foco do alumnado o feito de que calquera experiencia e práctica participativa nos transforma, nos nutre de aprendizaxes e, iso xa é un resultado en sí mesmo.

Ademáis, coidar das persoas e do proceso é investir tamén na posibilidade de conseguir os resultados. Será mais satisfactorio e sostible o camiño e con máis posibilidades de “éxito”.

Valorar o proceso é importante para activar ese Querer do que falamos no punto 1.

O vértice do resultado é esa meta que motiva á acción. Ter un resultado claro e unha visión clara e consensuada é importante para chegar a ela. Definir esa meta común. Unha vez definida esa visión que queremos lograr, chegar e ter sensación de logro é importante para manter a motivación e que o “querer” se manteña vivo, e para alimentar a vivencia de “poder”, desa capacidade colectiva.

Catro espazos sagrados

Temos que ter en conta que o funcionamento dun grupo, dun colectivo que se organiza cara calquera acción precisa de varios espazos diferenciados de actividade. Para coidar o grupo, o proceso e o resultado precisamos atender ao que se chaman os catro espazos dun grupo. Cada un deles atende a unha necesidade do proceso grupal.


É importante compartir co alumnado este tipo de claves. Que teñan este coñecemento e que velen por eles.

Espazo de Indagación: son os espazos onde o grupo indaga sobre o que necesita, onde imaxina camiños para chegar o resultado e posibles pasos a ir dando; explora estratexias sobre o que facer e como; como conseguir os recursos; etc. Son espazos de “investigación” sobre o propio proceso, de modelación colectiva.

As veces estamos moi focalizadas na acción, caemos na activitis, e carecemos de espazos que pensen a acción, espazos e momentos para reflexionar, imaxinar, crear.

Espazo de xestión emocional: decíamos no apartado do “Querer”, que os procesos participativos están plenamente ligados as emocións, desde a chispa que arranca a súa motivación. Os grupos e os procesos precisan de momentos específicos enfocados a poder ir coidando das emocións das persoas e do grupo. Sempre reservar momentos para isto. Para previr conflitos, coidando da comunicación e da cohesión; para comunicar e poder dar espazo a como

COIDADADO DE PERSOAS



PROCESO RESULTADO

está cada persoa; a como nos está facendo sentir o proceso; que necesitamos mudar para estar mellor; que nos está indo ben. Un espazo tamén para abordar os roces e conflitos que xorden en todo proceso.

Este espazo ten que ter unhas claves e normas de confianza e seguridade para todas as persoas que poden construír ese marco de funcionamento.

Espazos de toma de decisións: sexan assembleas ou o formato de toma de decisións que o grupo decida. Tamén sexa o modelo por consenso, maioría, delegación ou o que o grupo decida. O que é importante é ter claros os espazos, momentos e o método que o grupo se da para as tomas de decisións. Que sexan momentos claros e conscientes.

Contar con isto definido é vital para a prevención de conflitos, así como para que as decisións se leven a término sen boicots posteriores debido a falsos consensos, ou a conflitos sen resolver. É importante sempre axudar a toma de decisión tendo feitos procesos de indagación e de xestión emocional.

Espazo de celebración: son os espazos necesarios de celebrar logros, pequenos e grandes. Espazos de avaliación, de aprendizaxe. Espazos e tempos que aportan á distensión e a cohesión grupal.



Figura 8

4. Desenvolvemento das actividades

A proposta de traballo en aula do material Mudando Peles é unha proposta orientativa. Pode adaptarse segundo os tempos dispoñibles, ou a profundidade na que se entre nos contidos e temáticas.

Esta plantexada como un pequeno proxecto de investigación colectiva. Propón sesións de aula e traballo en grupo autoxestionado para “vivir” de xeito práctico, a través da actividade, certos aspectos que se abordan nos contidos relativos aos procesos participativos e ao traballo grupal que implican.

Plantexa un mínimo de sesións de traballo en aula. Se completarian co tempo de traballo autónomo, fora da aula, en pequenos grupos.

4.1. Sesión 1. Querer: das emoción ás accións

Tempo:

Mínimo dunha sesión de 50'. Idealmente empregaríanse dúas sesións para poder tomarse tempo na posta en común final e na reflexión sobre o punto central de conexión entre emoción e motivación cara a acción.

Material necesario:

- Ilustracións Figura 9_ Bocadillos e Figura 10_ Emocións. As temos como apoio para proxectar e servir de guía e ilustrar a actividade
- Ilustración Figura 4_ Reaccións. Como apoio para proxectar no momento da reflexión e posta en común
- Titulares noticias de prensa, internet, RRSS, etc

Descrición da actividade:

1. Previamente a actividade: Cada alumno ou alumna traerá unha mostra de tres noticias sobre política, temas sociais, culturais, ambientais do último mes.

2. Elaboración panel de titulares: Se pegan todas as noticias nunha superficie e se fai un panel na aula. Poñemos en común o contido dos titulares do panel sen entrar aos contidos ou debater. Podemos ter proxectadas as Figuras 9 e 10 como apoio á tarefa

DIANA DAS EMOCIÓNIS

3. Traballo persoal: Podemos ter proxectadas as Figuras 9 e 10 como apoio á tarefa. Cada persoa, nun folio, debuxa unha silueta, debuxo abstracto (o que queira), que represente o seu corpo e sobre él vai reflexionando e anotando.

Guía para o traballo persoal

- Que tipo de noticias, mensaxes escoito, leo? *Pensar se son positivas, negativas, se transmiten ilusión, desesperanza, negatividade ou positividade. (Poden escribilo no debuxo ubicado na parte que corresponda coas orellas ou o ollos)*
- Que me fai pensar? *(Ubicar na cabeza a información)*
- Como me fai sentir? *(Podemos empregar como apoio a Figura 10: Emocións. Ubicar na parte do corpo onde sintan esa emoción)*
- Que fago ante iso? *(Ubicar a información nas extremidades)*

4. Posta en común: Momento de compartir o traballo persoal. Pode ser primeiro en pequenos grupos de tres ou catro persoas para ir progresivamente abríndose a compartir en grupo aula.

Este proceso implica certa exposición emocional e é preciso dar tempo e coidalo, enmarcando a necesidade de respecto e escoita.

Neste momento proxectamos a Figura 4_Reaccións. Reflexionamos sobre o tipo de información que nos chega, e en que medida pode estar influindo na nosa actitude cara a acción.

- Qué tipo de información contén o mural?
- As novas, transmite esperanza, ilusión, positividade, mostran ou falan da capacidade das personas para coidar ou transformar a súa contorna?
- Mostran experiencias colectivas nas que as personas melloran a súa vida, contorna?
- Que tipo de reaccións son maioritarias no grupo?; evasivas, pasivas, reactivas ou creativas?.
- Pode haber relación entre o que nos fai sentir a información á que estamos expostas e a actitude e conducta que temos cara a acción?



Figura 9



Figura 10

4.2. Sesión 2. Poder: Indagando en claves para unha boa participación

Tempo:

Unha sesión de 50' como mínimo.

Material necesario:

— Ilustracións Figura 6 -7- 8. As temos como apoio para proxectar e servir de guía e ilustrar a actividade

Descrición da actividade:

Parte 1: Exposición de contidos

Apoiándonos nos contidos recollidos nos puntos 3.2 Poder e 3.3 Saber, facemos unha breve exposición dos mesmos como claves para poder ter unha boa experiencia de participación.

Podemos ilustrar con exemplos concretos contidos como os relativos a posicionar experiencias na escaleira da participación de Hart para que o alumnado as posicione coa información da que dispoñan.

Parte 2: Exposición das pautas para actividade de investigación a realizar grupalmente

MAPEO DE EXPERIENCIAS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Tarea a realizar	Como
1. Formar equipos de traballo (3 ou 4 persoas por grupo). Coñecer o obxectivo do traballo e pasos a dar. Distribuir posibles roles/tarefas no equipo.	A criterio docente. Idealmente conformar grupos diversos en capacidades, cualidades, intereses.
2. Identificar entre todos experiencias de participación cidadá. Exemplo: colectivos ou asociacións culturais, políticas, sindicais, deportivas, veciñais, asistencia ou acción social, ong, movementos sociais ecoloxismo, feminismo, etc.	Busqueda activa a través de internet, directorios, facendo consultas na súa contorna. É interesante que escollan entidades de diversa tipoloxía ou finalidade para que o mapeo sexa mais interesante e rico.
3. Cada grupo escolle unha entidade sobre a que investigar.	Poden facer un listado entre todos e escollar as mais apetecibles ou dispoñibles a colaborar. É interesante que escollan entidades de diversa tipoloxía ou finalidade para que o mapeo sexa mais interesante e rico.

4.	<ul style="list-style-type: none"> — Elaborar un guión de entrevista que conteña información que permita saber — Historia da entidade: inicios, motivación, trayectoria — Finalidade, obxectivos — Quen participa, tipo poboación principal. — Formas de participar — Cuestións relacionadas coa actividade que realizan e funcionamento — Como toman decisións — Como coidan as persoas, ao grupo e como xestionan os conflitos — Dificultades e fortalezas na súa labor — Que soñan facer no futuro — Formas e canles de comunicación — Como consideran que aportan ao barrio, cidade, vila, etc. 	<p>No grupo poden distribuir as tarefas como consideren. É importante poder valorar posteriormente como se organizaron, posibles conflitos, etc.</p> <p>Poden facer o guión como consideren pero tratando de tocar todos os puntos.</p> <p>A persoa responsable da actividade da o visto bó ao cuestionario.</p>
5.	Concertar una entrevista coa entidade, colectivo e realizada.	<p>A entrevista pode realizarse de xeito presencial ou online.</p> <p>OLLO!!! Importante que a persoa entrevistada consinta, por escrito, a realización da entrevista, a súa gravación no formato escollido, e usar a información para este exercicio.</p> <p>Gravar a entrevista, co audio é suficiente, para contar con toda a información e traballar posteriormente.</p>
6.	Elaborar un documento de presentación coa información máis relevante para presentar a entidade ao grupo.	O material pode ser no formato que o grupo elixa: desde unha ficha a unha presentación dixital, un panel no que se empregue texto, fotos, collage e outra sobre a entidade. a imaxinación empregando texto e imaxes.

5. Listaxe de ilustracións

Parte 3: Formación dos grupos de traballo

É momento para compartir os pasos a dar e comenzo a organizarse.

Traballo grupal autónomo e autoxestionado: A persoa responsable da actividade establecerá o tempo do que dispoñen para realizar o proceso antes da sesión de posta en común. Dúas ou tres semanas pode ser un prazo razoable para todos os pasos a dar. A persoa responsable está dispoñible para posibles incidencias e dar seguimento.

4.3. Sesión 3. Saber: Mapa de experiencias

Sesión de aula dedicada a compartir o traballo realizado. O idóneo serían dúas sesións para poder dedicar tempo. Se pode dar máis peso a actividade convidando a representantes dalgún colectivo ou entidade á aula.

Parte 1: Mapeando experiencias

Podemos contar cun mapa analóxico ou dixital no que ubicar territorialmente as experiencias que se investigaron. Cada grupo fai unha breve exposición ou relato con apoio do material elaborado sobre a experiencia investigada.

Unha posibilidade é volcar parte da información nun mapa dixital para que quede conservada e accesible para mostrar. Ofrecemos a posibilidade de empregar a [APP Mapeo colaborativo de ASF](#). Unha App elaborada por ASF Galicia, aberta e gratuíta, onde de sinxelo se poden xeoreferenciar estas experiencias e asociarlas a información de texto, audio, imaxes, etc.

Parte 2: Mapeando a nosa experiencia de traballo colectivo

Idealmente deixar un tempo para reflexionar sobre como foi a experiencia de traballo conxunto entre eles e elas.

Como se organizaron, como manexaron os roces, que aprenderon?. Que foi ben e que pode mellorar?

Como valoran as experiencias investigadas e que aprendizaxes extraen.

En que medida o proxecto realizado mudou algo a súa percepción coñecementos sobre a participación para a transformación social?

Ilustración 1. Círculo querer, poder, saber

Ilustración 2. Frase "Non estou no mundo simplemente para adaptarme a él"

Ilustración 3. Activismo

Ilustración 4. Reaccións

Ilustración 5. Frase de E. Galeano

Ilustración 6. Escaleira da Participación

Ilustración 7. Triángulo dos cuidados

Ilustración 8. Catro espazos grupais

Ilustración 9. Bocadillos

Ilustración 10. Diana das emocións

6. Referencias bibliográficas

- Alba Fernández, N. García Pérez, F. y Santisteban Fernández, A. Editores (2012) *Educación para la participación ciudadana en la enseñanza de las ciencias sociales. Vol I y Vol II*. Díada editora. Sevilla. http://www.didactica-ciencias-sociales.org/publicaciones_archivos/2012-sevilla-XXIII-Simposio-DCS_II.pdf
http://www.didactica-ciencias-sociales.org/publicaciones_archivos/2012-sevilla-XXIII-Simposio-DCS_I.pdf
- Garcés, M. (2020) *Escuela de Aprendices*. Galaxia Gutenberg. Barcelona
- Garcés, M. (2013). *Un mundo común*. Edicions Bellaterra S.L.Madrid
- García, Luis M. (S/F) *Breve guía para la Comunicación NoViolenta*. Blog Cambios Posibles. España. <https://cambiosposibles.files.wordpress.com/2017/04/cnvbreveguia.pdf>
- Participación Educativa. Revista del Consejo Escolar de Estado (2018) *Participación, educación emocional y convivencia*. Ministerio de educación y formación profesional. <https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:d1462b78-5e3f-444f-a223-d6d8796fb20c/pe-n8-participacion-educativa-2018.pdf>
- Observatorio de la juventud de España (2017) *Jóvenes, participación y cultura política. Sondeo de opinión*. Injuve. Madrid https://www.injuve.es/sites/default/files/2018/27/publicaciones/sondeo_2017-1_informe.pdf
- Osorio, JM y Zubizarreta, A. (2017) *Educación y democracia: la escuela como "espacio" de participación*. Revista Ibero-americana de Educação, vol. 75, núm. 2. <https://rieoei.org/RIE/article/view/2635/3617>
- Parera, M. (2014) Manual de facilitación de grupos. <https://filalagulla.org/wp-content/uploads/2017/11/Manual-Entidades.pdf>
- Tonucci, F. (1996). *La ciudad de los niños: un modo nuevo de pensar la ciudad*. Buenos Aires: Losada- UNICEF Argentina.
- Tonucci, F (2009): «¿Se puede enseñar la participación? ¿Se puede enseñar la democracia?». Investigación en la escuela, (nº 68): Educar para la participación ciudadana. <https://revistascientificas.us.es/index.php/IE/article/view/7111/6269>
- Weil, S. (2014). *Echar raíces*. Trotta. Madrid